

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/22/2020	GOB14I09Y
1T1J3V6E6216446Y0EGU	

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA DEZAOITO DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE

<p>SRES/AS ASISTENTES:</p> <p><u>SR. ALCALDE-PRESIDENTE ACCTAL.:</u> D/D^a GUILLERMO SANCHEZ FOJO</p> <p><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u> D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO D/D^a MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D^a JOSE OREONA BRA D/D^a JOSE DAVID PITA BREIJO</p> <p><u>NON ASISTE:</u> D/D^aMARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u> D/D^a MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/D^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do dezaeito de xuño de dous mil vinte, baixo a presidencia do Sr. O ALCALDE-PRESIDENTE ACCTAL., GUILLERMO SÁNCHEZ FOJO, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA DELIMITACION DUN ÁMBITO DE NORMALIZACIÓN DE FINCAS SITO NA AVDA. SOUTO VIZOSO, 216-218-220.-

(...)

Primeiro.- **Aceptar a delimitación do ámbito de normalización de fincas** sito na Avda. Souto Vizoso, con referencias catastrais 6367072NJ6166N0000XJ, 6367004NJ6166N0001FK e 6367003NJ6166N0001TK, proposto por Ma***1 Ve^^ara Ló^***z, An***io Ca*** Mo***ta e ***cos V***ara C***odeguas.

Segundo.- **Notificar este acordo a todos os interesados**, dándolles os recursos pertinentes, e facéndolles saber que para os efectos da aprobación da normalización de fincas formularase un proxecto (en formato papel e dixital) que incluíra a documentación especificada no artigo 281 do Regulamento da Lei do solo de Galicia, e que deberá presentarse no rexistro municipal de entrada do Concello, previa cita.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA SOLICITUDE DE VARIAS SUBVENCIONS.- Vista a proposta formulada que di asi:

A funcionaria de Asistencia á Secretaría, en data 15/06/2020, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código ASI14I0DZ que di:

“

<i>TIPO DE DOCUMENTO</i>	<i>Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local</i>
<i>DESTINATARIO</i>	<i>Alcaldía / Servizos Económicos</i>
<i>ASUNTO</i>	<i>Dar conta da solicitude de subvencións</i>

Dende o Departamento de Servizos Xerais solicitáronse a data de hoxe as seguintes subvencións a través das resolucións de Alcaldía indicadas:

<i>Expediente</i>	<i>Denominación</i>	<i>Órgano concedente</i>	<i>Importe solicitado</i>	<i>Resolución da solicitude</i>	<i>Data resolución</i>	<i>Documento toma razón</i>
<i>ASI/38/2020</i>	<i>Reparación do firme na senda litoral da Costa Ártabra no seu paso por Narón</i>	<i>Xunta – Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda</i>	<i>20.000,00 €</i>	<i>ASI14I08S</i>	<i>13/03/2020</i>	<i>ICO14I02A</i>
<i>ASI/28/2020</i>	<i>Proxecto “Narón, productos da ría”</i>	<i>Xunta – Consellería do Mar</i>	<i>122.452,00 €</i>	<i>ASI14I06A</i>	<i>28/02/2020</i>	<i>ICO14I01A</i>
<i>ASI/25/2020</i>	<i>Reforzo de pavimento en rúa Panadeiros, rúa Arrieiros e acceso a Polígono Río do Pozo</i>	<i>Xunta - Consellería de Economía, Emprego e Industria</i>	<i>95.090,87 €</i>	<i>ASI14I059</i>	<i>21/02/2020</i>	<i>ICO14I015</i>
<i>ASI/23/2020</i>	<i>Rede Eusumo - Actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social</i>	<i>Xunta – Consellería de Economía, Emprego e Industria</i>	<i>11.912,00 €</i>	<i>ASI14I058</i>	<i>21/02/2020</i>	<i>ICO14I016</i>
<i>ASI/125/2019</i>	<i>Proxecto “De Santo André a Santiago, Camiños de peregrinación de Galicia no Concello de Narón”</i>	<i>Xunta - Axencia de Turismo de Galicia</i>	<i>9.994,60 €</i>	<i>ASI13I11J</i>	<i>30/12/2019</i>	<i>ICO13I0N7</i>

Resultan de aplicación, no tocante ás solicitudes de ditas subvencións, os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Resolucións da Alcaldía, do 25 de xuño de 2019, sobre designación de Tenentes de Alcalde, delegados da alcaldía, membros da Xunta de Goberno Local e das delegacións feitas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local. Nesta resolución, a Alcaldía-Presidencia delega na Xunta de Goberno Local, entre outras facultades, a solicitude de subvencións a outras administracións públicas, así como a súa aceptación e xustificación, no seu caso.

No tocante ás subvencións referidas e por razón de urxencia ao rematar o prazo sinalado para formular a solicitude nas correspondentes convocatorias, e en uso das facultades de avocación que a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu art. 10, concede á Alcaldía-Presidencia, enténdese tacitamente avocada a delegación da solicitude das subvencións, sen prexuízo de dar conta ao órgano lexitimamente facultado para iso, o cal é obxecto desta proposta.

Por todo o anterior, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia:



Dar conta á Xunta de Goberno Local da adopción das resolucións polas que se solicitan as referidas subvencións.

“Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código ICO14I072, esta Alcaldesa:

Da conta á Xunta de Goberno Local das anteditas resolucións.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

4 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN DE CONTRATACIÓN DE PERSOAS PERCEPTORAS DO RISGA PARA O ANO 2020, CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA..-

Vista a proposta formulada que di así: Visto o informe-proposta cuxa literalidade se transcribe a continuación:

“ASUNTO: Aceptación de subvención de contratación de persoas perceptoras de RISGA para o ano 2020, concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 20 de febreiro de 2019, aproba a solicitude dunha Subvención por importe de 139.496,67€, á Consellería de Economía, Emprego e Industria, para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga, ao abeiro da convocatoria publicada no DOG nº 18 de 28 de xaneiro de 2020 , orde de 20 de decembro de 2019, co obxecto de desenvolver o Programa municipal de Mantemento e Limpeza do Patrimonio Público de Narón

En data 10-06-2020 co número 8685 de Rexistro Xeral de Entrada do concello de Narón se recibe a Resolución de concesión de subvención da xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria por importe de 139.496,67€

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- *Bases de execución do Orzamento municipal en vigor.*
- *Art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*
- *Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local.*
- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*
- *RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais*
- *RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003, Xeral de subvencións.*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.*
 - *Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público, artigos 10.2 e 83.*
- *Orde do 20 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de*

persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a convocatoria para o ano 2020

- Resolución de concesión de 10-6-2020 da xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- Orzamento de gastos en vigor

POR TODO O EXPOSTO, A XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, YOLANDA MARTÍNEZ GARCÍA, INFORMA Á CONCELLEIRA DELEGADA DE ACCIÓN SOCIAL, PARA QUE PROPOÑA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:

1º Aprobar o seguinte cadro de financiamento para o proxecto antedito:

CONCEPTO	DURACIÓN E XORNADA	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE (€)		IMPORTE TOTAL
			CONCELLO	XUNTA	
Salario GC 9 8 traballador	9 meses 75%	4530/13100	0,00	90.886,32€	90.886,32€
SS GC 9 8 traballador	9 meses 75%	4530/16000	0,00	29.765,52€	29.765,52€
Salario GC 5 1 traballador	9 meses 75%	4530/13100	0,00	14.195,70€	14.195,70€
SS GC 5 1 traballador	9 meses 75%	4530/16000	0,00	4.649,13€	4.649,13€
Indemización 9 traballadores	9 meses 75%	4530/13100	3.366,35€*	0,00	3.366,35€
Publicidade		2312/22602 RC=220200000872	150,00€	0,00€	150,00€
Vestuario		4590/22104 RC=220200000872	2.300,00€	0,00€	2.300,00€
TOTAL			5.816,35	139.496,67	145.313,02

*o importe para a achega municipal (3.366,35€) correspóndese coa indemnización dos traballadores prevista no artigo 49.1c do ET, que para os efectos desta subvención non se consideran custos subvencionables. Tendo en conta a data no que nos atopamos e a duración do contrato, a dita indemnización liquidarase en marzo de 2021, que será obxecto de dotación no presuposto do exercicio 2021.

Segundo: Aceptar da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, a subvención para a contratación temporal de persoas desempregadas perceptoras de Risga para o ano 2020 por importe de 139.496,67€, para desenvolver o Programa municipal de Mantemento e Limpeza do Patrimonio Público de Narón.

Tercero : Designar a Alcaldesa, Marián Ferreiro Díaz, como representante do Concello para as relación co mencionado organismo para os actos derivados da execución deste acordo.”

E unha vez fiscalizado coa toma de razón pola Intervención Municipal en data 16/06/2020 o documento SSO14I1OG do expediente SSO/42/2020, documentos contables RC220200000872 E 220209000062(polo que no orzamento do ano 2021 deberá dotarse o crédito necesario para facer fronte ao gasto derivado da



indemnización por fin de contrato) con código de proxecto 2020 3 00000 28, quen subscribe, Concelleira de Acción Social (delegada por Resolución da Alcaldía de data 25/06/2019), **PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** que acorde:

- Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ACEPTACIÓN DAS TRANSFERENCIAS FINALISTAS CONCEDIDAS POLA XUNTA DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS DURANTE O ANO 2019.-

Vista a proposta formulada que di así: Visto o informe-proposta cuxa literalidade se transcribe a continuación:

“INFORME-PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL

ASUNTO: Aceptación da asignación de transferencias finalistas da Consellería de Política Social, incluídas no Plan Anual dos Servizos Sociais Comunitarios (PASSCM 2019).

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, M^o Yolanda Martínez García, con respecto ao expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES:

Por Xunta de Goberno Local de 02/05/2019 se aproba solicitar á Xunta de Galicia o cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios para o ano 2019, (PASSCM), por un importe de 2.218.418,52 €, co seguinte detalle según:

Conceito	Importe total	Achega municipal	Subvención solicitada
persoal	1.188.409,97	777.888,97	410.521,00
Mantemento	5.000,00	2.500,00	2.500,00
Axuda no fogar libre concorrencia	0,00	0,00	0,00
Axuda no fogar Dependencia	1.584.003,65	528.001,22	1.056.002,43
Programas	1.531.790,19	782.395,10	749.395,09
TOTAL	4.309.203,81	2.090.785,29	2.218.418,52

En data 15/05/2019 ten entrada no Rexistro Xeral do Concello de Narón escrito da Consellería de Política Social de Asignación, comunicando o anticipo do 50 % sobre o total asignado no ano 2018 (Persoal e SAF-básico) de transferencias finalistas correntes do Plan Anual dos Servizos Sociais Comunitarios (PASSCM 2019) ao Concello de Narón, por importe de 77.633,06 €

Por Resolución da Consellería de Política Social de data 13/01/2020 procédese á regularización de incidencias nas horas do servizo de axuda no fogar derivadas do exercicio anterior por importe de -31,33€ que se liquidaran a través da liquidación do cuarto trimestre de 2019

O total transferido pola Consellería de Política Social polo servizo de axuda no fogar para dependencia, dende xaneiro de 2019 a decembro de 2019 , unha vez regularizadas as incidencias, ascende a 1.209.988,09.€

En data 20-12-2019 ten entrada no Rexistro Xeral do concello de Narón a Resolución da Consellería de Política Social de asignación de transferencias finalistas correntes do Plan Anual dos Servizos Sociais Comunitarios (PASSCM 2019) ao concello de Narón, por importe total de 154.749,00 €, polos conceptos de Persoal.

En data 24-1-2020 ten entrada no Rexistro Xeral do concello de Narón a Resolución da Consellería de Política Social de Asignación de transferencias finalistas correntes do Plan Anual dos Servizos Sociais Comunitarios (PASSCM 2019) ao concello de Narón, por importe de 82.800,00 €, polo concepto de escolas infantís da Solaina, Gándara, e Piñeiros.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se modifican os módulos económicos para a renovación anual do financiamento dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios.

Por todo o exposto, A Xefa do Servizo Sociocomunitario, M^a Yolanda Martínez García, informa a concelleira Delegada en materia de Acción Social, para que propoña a Xunta de Goberno Local, a adopción da seguinte proposta.

Acceptar as transferencias finalistas concedidas Pola Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, para o financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais durante o ano 2019 (PASSCM), por un importe total de 1.447.537,09€, co seguinte desglose respecto do importe inicial do proxecto:

Concepto	Importe total	Achega municipal	Transferencia finalista
Persoal	1.188.409,97	1.033.660,97	154.749,00
Mantemento	5.000,00	5.000,00	0,00
Axuda no fogar libre concorrencia	0,00	0,00	0,00
Axuda no fogar Dependencia	1.584.003,65	374.015,56	1.209.988,09
Programas	1.531.790,19	1.448.990,19	82.800,00
TOTAL	4.309.203,81	2.861.665,72	1.447.537,09

E unha vez fiscalizado coa toma de razón pola Intervención Municipal en data 10/06/2020 o documento SSO14I1GT do expediente SSO/4/2019, quen subscribe, Concelleira de Acción Social (delegada por Resolución da Alcaldía de data 25/06/2019), **PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** que acorde:

- Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.



6 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DO COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O ANO 2020.- Vista a proposta formulada que di así: Visto o informe-proposta cuxa literalidade se transcribe a continuación:

“ASUNTO: Solicitud de cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios para o ano 2020 a Xunta de Galicia.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal que subscribe, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta á Alcaldía :

ANTECEDENTES:

Desde hai máis de 10 anos, o Concello de Narón expón anualmente o grao de realización dos proxectos cofinanciados pola Comunidade Autónoma e o Ministerio de Traballo en canto ás prestacións básicas de servizos sociais, paso necesario para realizar a solicitude de subvención para o seguinte exercizo.

Actualmente, esta xustificación e solicitude está regulada polo Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Unha vez xustificado polo Servizo Sociocomunitario Municipal a anualidade correspondente ao ano 2019, compre realizar a solicitude de financiamento para o exercizo 2020. A Xunta de Goberno Local ten delegadas as competencias nesta materia.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

-Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións

-Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións

-Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

-Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local

-Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.

-Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo.

-Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

-Decreto 148/2014 de 6 de novembro , polo que se modifica o decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento

-Orzamento do concello de Narón en vigor.

En base ao anterior, a Xefa do Servizo Sociocomunitario propón a Concelleira de Acción social para que eleve á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Solicitar á Xunta de Galicia o cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios para o ano 2020, por un importe de 5.258.974,03€ co seguinte detalle:

Concepto	Importe total	Achega municipal	Subvención solicitada
Persoal	1.204.922,32	807.873,32	397.049,00
Mantemento	5.000,00	2.500,00	2.500,00

<i>Axuda no fogar libre concorrenca</i>	30.780,00	11.380,00	19.400,00
<i>Axuda no fogar Dependencia</i>	2.284.350,00	761.450,00	1.522.900,00
<i>Programas</i>	1.733.921,71	884.460,85	849.460,86
TOTAL	5.258.974,03	2.467.664,17	2.791.309,86

2º.- *Declarar que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.*

3º.- *O Concello de Narón comprométese a cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2020 na contía de 2.467.664,17€ que supón unha porcentaxe do 46,92% sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.”*

E unha vez fiscalizado coa toma de razón pola Intervención Municipal en data 09/06/2020 o documento SSO1411MD do expediente SSO/37/2020 , quen subscribe, Concelleira de Acción Social (delegada por Resolución da Alcaldía de data 25/06/2019), **PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** que acorde:

- Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.



VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

O ALCALDE-PRESIDENTE ACCTAL.

O SECRETARIO XERAL



Asdo. - GILBERTO SÁNCHEZ FOJO



Asdo. - JOSÉ DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI